



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

ACORDO do 17 de abril do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Becerreá. Expediente IN407A 2025/86- ATE.

Con data 11 de febreiro de 2026 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Adecuación LMT e CT Anovello 27CS38"

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 10 de decembro de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 15 de decembro de 2025, para que comparezan o día **29 de xuño do 2026 no concello de Becerreá** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Becerreá estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 17 de abril de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

##### ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	123	1100	A Costa	Prado	Descoñecido	29.06.2026	10:00

R. 1191

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 11 maio de 2026 aprobouse a convocatoria para a selección e contratación de dous/dúas operarios/as condutores/as de maquinaria forestal con motor, ao abeiro do Convenio subscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Baleira para actuacións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026, anualidade 2026.

As características da convocatoria son as seguintes:

- Número de postos: dous/dúas operarios/as condutores/as de maquinaria forestal con motor.
- Grupo de cotización: 8.
- Modalidade contractual: contrato eventual por circunstancias da produción.
- Duración do contrato: seis (6) meses.
- Xornada: completa.
- Requisitos: estar en posesión do permiso de conducir B, ademais dos requisitos xerais establecidos na lexislación vixente.
- Sistema de selección: segundo o establecido nas Bases Xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Concello de Baleira, publicadas no BOP de Lugo nº 292, de 22 de decembro de 2010.

A entrevista persoal consistirá na realización dun cuestionario tipo test de 10 preguntas con tres respostas alternativas e unha única correcta, relacionadas co posto de traballo convocado.

As solicitudes para participar no proceso selectivo presentaranse no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello de Baleira ou por calquera dos medios previstos na normativa vixente.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia en vigor.
- Permiso de conducir B.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Modelo de instancia para participar no procedemento:

## ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIO CONDUTOR DE MAQUINARIA FORESTAL, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, FINANCIADO POLA XUNTA DE GALICIA Ó ABEIRO DO CONVENIO SUSCRITO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS.

D/D<sup>a</sup> ..... provisto/a de D.N.I. nº .....  
 con enderezo a efectos de notificacións en .....  
 ..... nº ..... piso ..... c.Postal .....  
 Localidade ..... Municipio ..... Provincia .....  
 Teléfono ..... correo electrónico .....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato eventual por circunstancias da produción), a xornada completa por un período de seis meses, do posto sinalado,

## DECLARO:

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade e incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades e incapacidade do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ó posto ó que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome e apelidos) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, sede electrónica e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

## SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica:

- . DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes.
- . Documentos xustificativos dos méritos alegados.
- . Carné de conducir B.

....., ..... de ..... de .....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA.

Tratamento	PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO
Responsable do tratamento	Concello de Baleira, con domicilio en Avda. Doctor Escobar, s/n, Baleira, Lugo. Delegado de Protección de datos: dpd@softwariza3.es
Finalidade e prazos de conservación	Xestión e tratamento das convocatorias públicas de selección de persoal para os postos de traballo vacantes na organización do Concello. Xestión das probas de selección e valoración de méritos aportados, publicidade e transparencia do proceso selectivo. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir ca finalidade para a que foron recabados e para determinar posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e/o tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obrigaón legal regulada na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, en el R.D.L. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios dos datos	Os datos persoais serán cedidos si fora necesario á Dirección Xeral da Función Pública, á administración pública con competencia na materia, ó Boletín Oficial do Estado, ó Diario Oficial de Galicia e o Boletín Oficial da Provincia.
Dereitos das persoas interesadas	<u>Dto. de acceso</u> : pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dto. de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dto. de limitación ó tratamento</u> : en algúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos datos. Para máis información de cómo poder exercitar os seus dereitos diríxase ó rexistro de Entrada do Concello de Baleira, sito na dirección arriba indicada, ou levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon a súa disposición na sede electrónica do Concello: <a href="https://concellobaleira.sedelectronica.gal/info.0">https://concellobaleira.sedelectronica.gal/info.0</a> . Si considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respetado, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. ( <a href="https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php">https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php</a> ).

Baleira, 11 de maio de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1208

## LUGO

### Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, na súa sesión celebrada con data do 26/02/2026 adoptou o acordo núm 3/15 polo que se procede a elevar a aprobación definitiva da Ordenanza Xeral do Cemiterio Municipal de Mascotas.

Unha vez realizada a comunicación á que se refire o artigo 56.1 da lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e transcorrido o prazo de quinze días hábiles desde a recepción do acordo por parte das administracións estatal e autonómica sen que se houberse formulado reparo ou alegación ningunha e de conformidade co disposto no artigo 49 e 70.2 da lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, a continuación faise público o texto íntegro da devandita Ordenanza:

#### “ORDENANZA XERAL DO CEMITERIO DE MASCOTAS DO CONCELLO DE LUGO

##### Artigo 1: Obxecto

É obxecto da presente Ordenanza a regulación do uso do Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo, no marco sanitario e ambiental establecido pola normativa en vigor.

O Cemiterio Municipal de Mascotas defínese como un ben de dominio público coa calificación de ben de servizo público e está destinado con carácter exclusivo ao depósito de cinzas de mascotas segundo o estipulado no artigo 4 do presente Ordenanza, non admitíndose en ningún caso o enterramento de restos biolóxicos de ningún espécimen deste xénero.

**Artigo 2: Ámbito e normativa de aplicación**

As disposicións contidas na presente ordenanza serán de aplicación aos servizos, usos e actividades realizadas dentro do recinto do cemiterio de mascotas.

Nos aspectos non regulados pola presente Ordenanza seralles de aplicación a normativa autonómica, medioambiental ou de carácter sanitario atinente na materia.

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da CCAA de Galicia.

Lei 33/2003, do 3 de novembro do Patrimonio das Administracións públicas.

Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais

Ordenanzas Fiscais de aplicación.

**Artigo 3: Localización e instalacións**

O Cemiterio Municipal de Mascotas do Concello de Lugo está ubicado no Camiño de Fontao (Esperante), s/n, perto do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Conta coas seguintes instalacións:

- Nichos individuais para furnas de cinzas.
- Cinceiro xeral de mascotas.

**Artigo 4: Destinatarios do servizo**

O cemiterio de mascotas ten por obxecto o depósito de cinzas de animais de compañía, é dicir, cans, gatos e huróns, así como aqueles outros que figuren incluídos na listaxe positiva de animais de compañía, creada a teor do disposto no artigo 35 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais.

**Artigo 5: Horario das instalacións**

O recinto será accesible para a celebración de actos de despedida, depósito ou retirada de cinzas ou para visitas das persoas usuarias durante o mesmo horario que o cemiterio municipal de San Froilán, cun marxe horario de 00:30 h na saída, para evitar simultaneidade nas tarefas de peche de instalacións.

**Artigo 6: Uso das instalacións**

O uso das instalacións do cemiterio de mascotas rexerá polo establecido no presente Ordenanza e demais normativa de aplicación, debéndose gardar en todo momento o respecto e consideración debidos a este espazo.

Estará sometido ás taxas polos diferentes usos e actuacións segundo o disposto na Ordenanza fiscal de aplicación para cada exercicio económico.

As instalacións e recinto do Cemiterio Municipal de Mascotas só poderán ser utilizadas para o depósito e retirada de cinzas das mascotas previstas no artigo 4 do presente Ordenanza e non permitirá a colocación de obxectos ou placas en espazos comúns, fóra dos lugares autorizados.

Para o depósito nos columbarios do recinto, as cinzas deberán ir sempre contidas en furna.

O depósito de cinzas no cinceiro xeral de mascotas realizarase directamente, sen furna.

**Artigo 7: Modo de xestión**

O Cemiterio Municipal de Mascotas, é xestionado de modo directo pola administración municipal.

As unidades de enterramento/nichos/columbarios, serán outorgados en concesión administrativa por un periodo de cinco anos, con posibilidade de prórroga por un único periodo de igual duración.

**Artigo 8: Concesións administrativas**

A solicitude para ser titular de concesión administrativa de columbario no Cemiterio Municipal de Mascotas, deberá ser formulada por persoa titular de mascota, sendo requisitos para acceder á condición de persoas concesionarias:

- Ser residente no Concello de Lugo
- Estar ao día nas débedas tributarias
- Xustificar a condición de titular de mascota.

O período de duración da concesión administrativa será de cinco anos podendo ser prorrogada por un novo único período de igual duración.

A renovación deberá ser solicitada tres meses antes do fin de vixencia.

No caso de que por parte da persoa titular non se solicite a renovación no prazo indicado e logo da tramitación do expediente regulamentario, será declarada a caducidade da concesión e o nicho será baleirado e disposto para a súa nova concesión. As cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

#### **Artigo 9 : Obrigas do Concello**

Son obrigas do Concello:

- O coidado, limpeza e acondicionamento das instalacións comúns existentes no cemiterio.
- A prestación dos servizos, conforme ás normas reguladoras dos mesmos e tralo pagamento das taxas correspondentes.
- A observancia de cantas medidas hixiénico-sanitarias se establezan legalmente.
- A xestión das concesións e do uso do recinto e da prestación do servizo nos termos previstos na presente Ordenanza.

#### **Artigo 10: Obrigas das persoas concesionarias**

Son obrigas da persoa concesionaria:

- Manter a unidade de enterramento en perfectas condicións, sendo pola súa conta as reparacións a que haxa lugar polo uso normal da instalación, segundo o procedemento que o Concello estableza.
- Facer efectivas as taxas pola prestación de servizos que se soliciten no cemiterio de mascotas.
- Para a colocación de adobíos ou mensaxes de recordo nas lápidas dos columbarios ou unidades de enterramento, deberanse seguir estrictamente as normas procedimentais establecidas polo Concello.

#### **Artigo 11: Cambio de titularidade**

No caso de falecemento da persoa concesionaria, a súa comunidade hereditaria deberá solicitar no prazo de SEIS MESES o cambio da titularidade da concesión da unidade de enterramento polo tempo que reste ata a finalización do período concesional xunto coa súa prórroga única.

Para o/a novo/a titular deberá achegar xustificación da súa condición de herdeiro/a.

No caso de que existan varios/as herdeiros/as, deberase achegar unha declaración responsable na cal designen a un/unha única titular.

#### **Artigo 12: Extinción da titularidade**

Transcorrido o período de concesión, sen que fose solicitada a renovación no prazo establecido no artigo 8 do presente Ordenanza, será declarada a caducidade e as cinzas depositadas serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

Asimesmo, extinguirase cando, transcorrido SEIS MESES do falecemento da persoa titular, non fose solicitado o cambio de titularidade da concesión.

#### **Artigo 13: Efectos da extinción**

Extinguida a concesión ou ben declarada a súa caducidade, a unidade de enterramento deberá ser preparada para a o seu novo outorgamento, polo que se procederá á retirada das cinzas depositadas que serán trasladadas para o cinceiro xeral de mascotas.

#### **Artigo 14: Depósito de cinzas**

Consiste na introdución das cinzas coa súa furna, na unidade de enterramento adxudicada ou ben no depósito directo, sen furna, no cinceiro xeral de mascotas.

A solicitude para o enterramento debe ir acompañada de certificado de incineración expedido pola unidade de cremación.

2. Si para efectuar un novo enterramento fose preciso retirar furnas depositadas con anterioridade, actuarase conforme o disposto no artigo 15.2

#### **Artigo 15: Retirada de cinzas**

1. A persoa titular da concesión, previa acreditación de tal condición, poderá instar a retirada da furna coas cinzas da mascota.

Para iso deberá formular a solicitude de acordo co procedemento establecido, que poderá achegar por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Concluído o trámite indicáraselle data e hora na cal o persoal municipal procederá a realizar a retirada e entrega da furna coas cinzas.

2. No caso de que a unidade de enterramento estea ocupada e sexa preciso o seu baleirado para un novo enterramento, a persoa titular deberá solicitar a retirada das cinzas e seu traslado para o cinceiro xeral de mascotas.

#### **Artigo 16. Normas de Respecto e Comportamento**

- O comportamento e uso deste espazo debe rexirse por normas cívicas de respecto e convivencia, a fin de garantir o disfrute e benestar do conxunto de persoas usuarias.
- As persoas visitantes deberán manter unha actitude respectuosa evitando ruídos innecesarios e accións que poidan alterar a paz do espazo.
- As mascotas que os acompañen deberán ir sempre baixo o control dunha persoa maior de idade e suxeitas con correa.
- Os seus excrementos deben ser recollidos polos seus propietarios/as ou persoas que os acompañen.
- Os seus ouriños tamén deben ser limpados das fachadas, instalacións ou mobiliario urbano, con auga ou métodos que garantan a limpeza do lugar.

#### **Disposición final**

Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP".

Lugo, 22 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde, M. Cristina López Fernández.

R. 1192

---

## MONTERROSO

### *Anuncio*

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2025, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, expone ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto na normativa vixente.

Monterroso, 7 de maio de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1193

---

## POL

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 05 de maio de 2026, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2026, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 5 de maio de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1194

---

## RÁBADE

### *Anuncio*

De conformidade co decreto de 8 de maio de 2026 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para a execución do proxecto Obradoiro Dual de Emprego "Cumes da Terra Cha IX" en agrupación de concellos de Begonte, Friol de Rábade, do que é promotor o concello de Rábade, de:

1 posto de director/a.

2 postos de docente.

1 posto de persoal de apoio.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na sede electrónica do Concello de Rábade na seguinte dirección <https://rabade.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes de acordo co decreto de convocatoria será de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación.

Rábade, 11 de maio de 2026.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 1209

## SARRIA

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO. PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

##### **EDICTO**

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE ABRIL DE 2026**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

##### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 5 de maio de 2026.- O alcalde presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1195

## TABOADA

### *Anuncio*

**DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE. Exp. 279/2026.**

Por Resolución de Alcaldía de data 7 de maio de 2026 aprobouse a seguinte:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 07.05.2026**

#### **DON ROI RIGUEIRA AGROMARTÍN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)**

**Exp. 279/2026.**

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Taboada en uso das facultades que lle confire o Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases del Réxime Local,

Logo de ver o CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE "MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA" NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

Logo de ver que por Resolución de alcaldía de data 28 de xuño de 2023 delegouse entre outras a Area de CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE en favor do Sr. Tenente de alcalde Don José Portela Gómez-Macías, o cal procedeu a sinatura do convenio antes citado.

Logo de ver os artigos 106 e 107 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; e ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e aos efectos de materializar parte do expediente administrativo de contratación de compra **DO BEN 1502902PH0310S0001GS**, e tendo en conta o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 y 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: 76620763N**, Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria relativas ás fases de aprobación do gasto, adxudicación do contrato e Recoñecemento da obriga do expediente **279/2026 ADQUISICIÓN DIRECTA DO BEN 1502902PH0310S0001GS** e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Chantada aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

**SEGUNDO.** A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**TERCEIRO.** A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporarse aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓN DE "MELLORA E URBANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA, DOS SEUS ACCESOS E DA CONTORNA DO ANTIGO MATADOIRO; E ADQUISICIÓN DE DÚAS PARCELAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE TABOADA" NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

**CUARTO.** No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

**QUINTO.** Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativa do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 7 de maio de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1196

## FUNDACIÓN TERREO

### Anuncio

Aprobada por Resolución de Presidencia núm. 2026/066, de data 11 de maio de 2026, exponse ao público a rectificación do anuncio de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dun/dunha praza de técnico/a de proxectos da Fundación "TerrEo", así como do nomeamento do tribunal e da convocatoria de probas selectivas:

#### **"RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2026/066**

*En A Ribeira de Piquín, a 11 de maio de 2026.*

**Asunto:** Rectificación erro material da Resolución de Presidencia núm. 2026/062, de data 8 de maio, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a de proxectos, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.**

Vista a Resolución de Presidencia núm. 2026/062, de data 8 de maio de 2026, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a de proxectos, da Oferta de Emprego Público para o ano 2025.

Advertido un erro material na parte dispositiva da citada Resolución.

Considerando a competencia desta Presidencia para o ditado do presente acto, conforme ao establecido no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro material advertido na Resolución de Presidencia núm. 2026/062, de data 8 de maio de 2026, de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de técnico/a de proxectos, quedando redactada a súa parte dispositiva da seguinte maneira:

**“DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.**

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2025, aprobada por esta Fundación por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, e publicada no BOP núm. 041, do 19/02/2025, e no DOG núm. 66, de data 04/04/2025, para cubrir as seguintes prazas:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Técnico de proxectos	Persoal fixo
2	Oficial de primeira acuicultura	Persoal fixo
2	Operario de servizos	Persoal fixo

Vista a publicación da convocatoria de dito proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 65, de data 21 de marzo de 2026, así como a publicación dun extracto do proceso no Diario Oficial de Galicia núm. 60, de data 31 de marzo de 2026, e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, de data 3 de abril de 2026.

Analizadas as solicitudes presentadas e considerando que todas compren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

[...]

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Suplente: D. David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).

Secretaria: Dna. M<sup>a</sup> del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación “TerrEo” (Lugo).

Suplente: Dna. Eva María Pérez Pita, Administrativa do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vogal: D. Francisco José Ónega López, Enxeñeiro Agrónomo e Investigador do Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela.

Suplente: Dna. Inés Santé Riveira, Doutora- Enxeñeira Agrónoma e Profesora Titular da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogal: Dna. María Soledad Barreiro Rodríguez, Enxeñeira Agrónoma do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo, pertencente á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Suplente: Dna. Fátima Docio Rodríguez, Enxeñeira Agrónoma do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo, pertencente á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Vogal: Dna. María Nerea Fernández Canto, Doutora-Enxeñeira Agrónoma da Oficina Agraria Comarcal de A Fonsagrada, pertencente á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Suplente: D. Roberto Besteiro Doval, Doutor-Enxeñeiro Agrónomo do Corpo de Enxeñeiros Agrónomos da Xunta de Galicia e Profesor-Axudante-Doutor da Universidade de Santiago de Compostela.

[...]

A Ribeira de Piquín, 11 de maio de 2026.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 1210

---